

## Nota sobre *O Vello d'o Pico Sagro*

César Camoira

[Recibido, abril 2010; aceptado, maio 2010]

**RESUMO** Neste breve texto dáse noticia do tema tratado e un resumo do contido duns pregos escritos en galego, anteriores ao Rexurdimento decimonónico, coñecidos como *O Vello d'o Pico Sagro* e que até o de agora, se ben eran citados profusamente polo devandito título, ninguén parecía telos consultado *de visu*.

**PALABRAS CHAVE:** prensa, Prerrexurdimento, revistas, século XIX.

**ABSTRACT** This short note draws attention to a collection of chap-books written in Galician prior to the nineteenth-century Revival, collectively known as *O Vello d'o Pico Sagro*, and provides a summary of their content. It appears that, although they are frequently referred to with this title, no-one has thus far looked at them in detail.

**KEYWORDS:** newspapers, pre-Revival, journals, 19th century.

III

Os pregos coñecidos como *O Vello d'o Pico Sagro* apareceron na Coruña dende o 3 de marzo até o 28 de abril de 1860, baixo a dirección de Francisco María de la Iglesia. Os cinco exemplares conservados saíron os sábados do mentado ano e, malia carecer de periodicidade, cada número levaba a data e a serie. Saía na “Emprenta do Hespicio Previncial”, que fora propiedade de Sebastián de Iguereta. Consta de catro follas, a dúas columnas, coa ilustración do Pico Sacro nos tres primeiros números.

Redactados en galego por *Mingos Gallego* (pseudónimo de Francisco María de la Iglesia), tratan positivamente a Guerra de África, a diferenza do que acontece coa negatividade asociada aos mouros, o que quizais se deba analizar dende parámetros relixiosos, no canto da análise de Barreiro Fernández (1995) e Beramendi (2007), que os consideran xenófobos e españolistas. Ao igual que *O Vello d'o Pico Sagro*, a Guerra de África foi obxecto literario na obra pioneira do africanismo español *Diario de un testigo de la guerra de África* (1860), de Pedro Antonio de Alarcón, e, de forma puntual, no “Capítulo X” da obra *Doña Perfecta*, de Benito Pérez Galdós. Tamén se tratou en cabeceiras como *El Museo Universal* e *ABC* de Madrid.

O autor realizou un relato versificado, popular e de doada comprensión, cuxa pretensión radicaba, por unha banda, na xustificación da acción militar, perfilándose así como outro compoñente máis da propaganda oficial, e, por outra, na preocupación da cidadanía galega polas levas das que foi obxecto.

O imaxinario colectivo galego e a defensa da súa singularidade tivo na lenda do Pico Sacro unha referencia inescusábel. Mostra literaria disto foi a publicación dos poemas, en galego, “A fonte do Pico Sacro”, de Marcial Valladares Núñez, e, en castelán, “Al Pico-Sacro”, de Benito Losada, aparecidos, o primeiro, no nº 19 (1-VII-1861) de *Galicia. Revista Universal de este Reino* e, o segundo, no nº 8 (25-XII-1881) de *El Día de Fiesta*. A este respecto, o propio De la Iglesia escribiu “O régulo do Pico Sacro”, aprendido polo autor en 1838, cando contaba once anos, e publicado no nº 14 (2-VIII-1885) de *Galicia Moderna*, que debemos tomar como punto de partida para a lectura destes pregos.

Trátase dun relato que aborda a orixe mitolóxica do Pico Sacro, montaña duns cincocentos trinta metros de altitude, situada no Concello de Boqueixón a uns doce quilómetros de Santiago de Compostela. Nel, o personaxe de Régulo, empurrado pola ansia de posuír terra, marcha por diversas localidades até se adentrar nunha selva vizosa. Alí encontra un home con extraordinarios poderes, diante do que experimenta diversos sucesos inexplicábeis até o punto de se salvar dun tigre grazas ás palabras daquel estraño ser. Tras diversas observacións, que pretendían que Régulo acadase sabedoría e cautela, e os consellos de non viaxar máis e do retorno á patria natal para acadar coñecemento e remediar as necesidades dos seus semellantes, aquel home entrégalle unha frecha de ouro, xurdida do contacto da vara coas fileiras do libro e mercé á cal volta ao seu pazo, previa advertencia de conservala cen anos e un día, tras dos cales a chantaría coa punta para arriba no medio da “terrachán”. Tales comeditos do nigromante cumpríunos até a súa morte, momento no que a frecha deu orixe ao monte, considerado no acervo popular rei de todos os montes galegos e testemuña de diversos acontecementos históricos (o reinado da Raíña Lupa, o período do bispado —1101-1136— e do primeiro arcebispado —segundo privilexio papal de 26 de febreiro de 1120— de Diego Xelmírez en Santiago de Compostela e a acción militar e posterior negación de preitesía ao poder de José I Bonaparte —1768-1844— por José María Moscoso de Altamira Quiroga, 1788-1854).

O relato dispónse en dous escenarios, o galego e o marroquí, co fio de unión do señor, que funciona coma se fose un correspondente de guerra pro-

porcionando novas aos paisanos. A colección completa fórmana cinco números. O primeiro ambiéntase na romaría do San Bastián, no Pico Sacro, na que os lugareños lle preguntan ao Vello do Pico (don Bastián) polo seu parecer e lle piden novas da contenda militar de Marrocos. Partindo do ataque contra os mouros dese número, o segundo principia coas chamadas por don Bastián, estériles pola ausencia deste, até o punto de os paisanos inculparen os mouros do seu abandono. Empurrados por isto e mais polo desexo de saberen que contiña un obxecto semellante a un tarxeteiro escrito en inglés, marchan ao pazo. Unha vez alí, o servo deste, Mingucho, diríxese a un dos paisanos, “Carasto”, para lle pedir explicacións polo motivo de tal balbordo, deixando ben clara a xinea galega de seu amo. Logo de acalmar Breixo o escándalo, Mingucho maniféstalles que Bastián estaba preto de Santiago de Compostela con noticias, en dous pregos, da vitoria española en Castelexos (sic) o 1 de xaneiro de 1860, obtida polo xeneral Joan Prim i Prats contra as hostes encabezadas por Abul Abbás Ahmed (máis coñecido por Muley Abbás).

Tras a cantiga “Voemos á Afreca /Ibeira Nacion / Q’ o Mouro bandido / Manchóunol-a honor./;Á Afreca! ;á Afreca! Guerreiro Español! ¡Con sangue se lava/ A mancha d’ honor!” , o número 3 alude ao convite no pazo do amo. Durante a celebración, as conversas xiran arredor dos acontecementos españois e dos feitos bélicos de cada convidado, aínda que se deixa entrever a preocupación polos soldados españois. Prosegue coa información acerca da toma de posicións, entre o 4 e o 15 de xaneiro do devandito mes, no Monte Negrón. Alí, concretamente na Serra de Bullons (sic), malia non atopar impedimento bélico, o cólera e mais o temporal afectaron ao exército español. Andado o tempo, o exército, liderado do xeneral Leopoldo O’Donell y Joris, vence novamente no río Azmir para logo continuar o seu avance sobre Tétúan, lugar onde estaban parapetados os mouros perante o asedio das tropas hispanas, acampadas a tal efecto en Wad-el-Jelú.

Despois do sitio (iniciado o día 29 de xaneiro) e a batalla entre os exércitos español e marroquí, o cuarto número ábrese coa poesía “Rendeción de Tetuán”, na que se agradece ao Santo Apóstolo, a Deus e á Virxe o desexado final da guerra e a súa intervención na vitoria.

O quinto, subtítulo “A paz”, merece atención pola actitude contraria á guerra manifestada por Mingucho, aínda que deseguido acatase e asumise o poder e a postura do seu señor. Tras esta dislocación xeográfica, abórdase a



## O VELLO DO PICO-SAGRO.

No Pico-Sagro famoso  
na última romaría  
do Santo San Bastian  
hoube moitísima familia.

Ali s'atoparon homes  
de tod'a nosa Galicia  
cabaieiros, labradores  
pastranas e siloritas.

Da Ulla xa non se fala  
por q' é do tarreo á ermida  
e des q' hai guerra co mouro  
non falla d' ali un xixia.

Preo viñeno de San Les  
do Hibeiro e da Mariña  
de Xallas e Cotobade  
de Quiroga e de Mesia.

En fin, hasira do Celheiro  
se haclian na Pico Xentifa  
e do chao de Mondañedo  
e de Tuy e de Malpica.

Por decilo d' unha vez  
famegaban pol á pila  
d' aquel sabeno picoto  
gallegos nomu fornicas.

Eu non sey se pol o Santo  
acó veu tod' a familia  
ou algunha pol os mouros  
ó Pico-Sagro viria.

Pró o que dábida non teño  
ó que ogano xente vifa  
moita por Don Bastian  
q' estaba tamén de dia.

¡Don Bastian! ¡ay! ¡mien amo!  
xa non tén tod'a Galicia  
home mais bo, nin mais farto  
anque veñ' acó Alhamira

Depois v' un vello ¡Xesus!  
enténde d' esta xentía  
é un sabio d' os mais sabios  
que Dios bolou n'esta vida.



## O VELLO DO PICO-SAGRO.

Queidamos cando os labreiros  
 bufaban no Pico-Sagro  
 botando pestes ós mouros  
 q' ali teñen os encantos.  
 Vendo que naide responde  
 deixan os bos dos barrancos  
 e fornan a onde sahiran  
 o quente suor limpando.  
 Chaman a don Bastian  
 con berros de mil almallos  
 sin que naide conta dea  
 da presona de meu amo.  
 Uns din que coña no Ulla  
 outros que aló nun burato  
 hay unha falsa trapela  
 que s' afundin o seu paso.  
 Todos á cito escasurran  
 no xeito q' os maometanos  
 empregaron nesta emposta

para sin xefe deixarnos.  
 Bruan aquí, ali atruxan,  
 aló fan sitio a codazos,  
 acolá chora unha vella  
 por que dix que lle furtano  
 no médeo d' este trafego  
 a falchoquiña dos cartos.  
 Para mais confondemento,  
 para mayor sobresalto,  
 Tomé di q' andan es mouros  
 encubertos no cotarro.  
 E para probalo dito,  
 dereito cariba do carro  
 que téa a pipa da vila,  
 despois d' atruxar con garba,  
 mostra un tarxaleiro inglés  
 que dix q' atopou no adro.  
 Esto fai ollar a todos  
 por s' hay personaxe extraño,





## O VELLO DO PICO-SAGRO.

*a* Voemos á *Africa*  
*Ibeira Nación*  
*Q' o Mouro bandido*  
*Manchoumol-a honor.*  
*¡A Africa! ¡a Africa!*  
*Guerreiro Español!*  
*¡Con sangue se lava*  
*A mancha d' honor!*

Esta cántiga cantaban  
 con moy chichirita voz  
 e moi acordadas músecas  
 no pazo do meu señor.

Mais que festa do seu santo  
 mais que pazo d' un rei bo,  
 parecía acampamento  
 do axército español.

Tal era o falar de guerra,  
 de batallas e d' aúcio  
 e de feitos presones  
 d' os españoles d' acó.

Que mil cabaleiros cruzan  
 pol os dourados salés  
 do gran pazo de meu amo  
 que ningún-o tén millor.

Alumbrado en torciopelo,  
 aluméano arañón  
 e candeabros de gas  
 d' ouro e prata en profusion.

Pro naide neste repato  
 como na musca, e o ton  
 q' un rapaz da Craña dentle  
 a esa militar cancion.

As augas do río Ulla  
 calin, detéense por mor  
 de non perder unha nota  
 para darlla ó mar dimpeis.

E posálas pol o Estreito  
 onde Xibraltar as oy  
 hustra dar no acampamento  
 do valeroso español.

# O VELLO DO PICO-SAGRO.

## RENDECION DE TETUAN.

¡Zarra España, Santiago! ¡Santiago!  
 ¡Zarra España, ouh gran capitán!  
 Da mourisma detén o destrago  
 Que nos montes d' Angueira nos fan.  
 Tempestás o ceoño nos dona  
 Tod' as noites q' espantan d' horror!  
 ¡Das Españas, cuh Virxe patrons,  
 Crube os nosos co manto d' amor!  
 Co a peste, o cólera, o inferno  
 Do axército os pasos detén  
 ¡Librao logo de tal, Dios eterno,  
 Q' o teu nome confesa e sostén!  
 De xionlicos aquí d' esta comba,  
 Sant' Apostlo, o galego non sal,  
 Non, d' enriba da lousa da tomba  
 Do teu corpo, na gran catradal,  
 Hastra ver dos cristianos a gloria  
 Lovantada e espellante do sol  
 Hastra ver do Español a vitoria  
 Hastra vir do seu triunfo o Español.

¡Ouh, Dios, gracias! ¡Ouh Dios do cristiano  
 Nosos prantos e rogos a vos  
 E a Virxe e a Xacobe chegan!  
 ¡Todos, gracias! ¡bendito sea Dios!  
 Nosas tropas do mouro triunfantes  
 E do tempo e do cólera son  
 E dos montes e as mareas tremantes  
 E do rayo a voras destrucion.  
 ¡Tetuan, Tetuan é española  
 Cal Granada d' as palmas e luz!  
 Da Alcazaba no alto consola,  
 Cal na Alhambra, santisema cruz!  
 A piedá d' Alfonso segundo

# O VELLO DO PICO-SAGRO.

## A PAZ.

«Senhor xa que non privalo  
podemos d' ir á esa guerra  
Díol o liberto demal  
e d' os mourol o defenda.

Aló hach' as seus filliños  
sans e bos que moita perda  
seria q' unha disgracia  
nin osvolva á sua terra.

Cos caudás d' esta Galicia  
cás liñas e facenda  
vostade o corazón noso  
ó noso axército leva.

Horfa co a sua ida  
a nosa terríña deixa  
pró se a nación o reclama  
primeiro debe ser ela.

Vaya con Dios e dispoña  
do sangue das nosas veas  
Díol o liberto de mal  
e dós mourol o defenda.»

Breixo así se despedía  
en nome de mil aldeas  
diante de catro mil homes,  
do amo que vai á guerra.

—Xa non sallo, meus filliños,  
dixo o amo, o que trouguera  
para ir n' é necesario  
que xa témola a paz feita. —

—;Senhor a paz!! ¿que nos di!  
¿e pode ser tu de prena  
sin mais nin mais, vir a paz,  
sin ir á Tauser siquera?

Espriquenos, señor, espriquenos  
como foi a cousa esta,

dixeron todos á unha  
pouco foca a máu na orella.

—Xa sabés a gran batalla  
que se deu na própea vinga  
de Tetuan en q' o mouro  
tivo tan aorimes perdas.

No illarís q' alí deixóu  
d' artillaría oito pezas,  
que nes collemos tamen  
na loita dous bandeiras.

Que fies pillamos no campo  
unhas oito centas tendas,  
q' a do própeo Muley-Abbas  
caeu ali entre elas.

Todo acampamento, en fin,  
cos camelos e cis bestas  
noso foi ir' aquel gran día  
cos apetrechos de guerra.

Rendecion de Tetuan  
foi percisa coosecoencia  
d' esta vitoria que á Spaña  
deu e dará gloria eterna.

O mesmo que o noso porte  
na suida, que foi compreta  
eos vencidos a orde nosa  
a ilustracion e nobreza.

Inda caeno na praza  
de cañóns sobe' uns oitenta  
e apetrechos outra vez  
que tíñan por' a defensa.

Vindo á paz, dimpois da entrada  
de Tetuan, xa vilieran  
a pedir as condicións  
e propondo conferenzias,



entrevista, o 23 de febreiro, entre O'Donell e Muley-Abbas, acompañado este último polo ministro Mahomet-el-Jetif, que conclúe en desacordo nas condicións da rendición, quizais, como se apunta na terceira folla, por “tentar a ver pol a guerra s’ antes enriba de nos se poñía en dúas xeiras”. Logo da derrota española en Melilla, o 13 de marzo, a derrota na batalla en Goldrás (Wad-Ras) polo exército de Marrocos motiva outra nova comisión de Muley-Abbas para negociar a paz. De aí deriva a entrevista, ao día seguinte entre as 8 e as 9 horas, para asinar os preliminares da paz e un armisticio.

Na actualidade, os cinco números desta cabeceira pódense consultar na Real Academia Galega.

*César Camoira*  
Centro Ramón Piñeiro  
para a Investigación en Humanidades

## Bibliografía

- Barreiro Fernández, X. R. 1995. “La sombra de la guerra de África”, en *La Voz de Galicia*. Arteixo: “Galicia”/“Periódicos”, 18-XI, p. 2.
- Carballo Calero, Ricardo. 1981. *Historia da literatura galega contemporánea 1808-1936*. Vigo: Editorial Galaxia, p. 108.
- Carré Aldao, Eugenio. 1911. *Literatura gallega con extensos apéndices bibliográficos y una gran antología de 300 trabajos escogidos en prosa y verso de la mayor parte de los escritores regionales*. Barcelona: Casa Editorial Maucci, p. 601.
- Cruz Arias, María Jesús. 2008. “Despachos Telegráficos Oficiales de la Guerra de África”, en *Archivo secreto: revista cultural de Toledo*, nº 4, pp. 32-42.
- Hermida, Modesto (dir.). 2003. *Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, pp. 163-166.
- Santiáñez-Tió, Nil. 2008. “De la tropa al tropo: colonialismo, escritura de guerra y enunciación metafórica en *Diario de un testigo de la guerra de África*”, en *Hispanic Review*. Pennsylvania: University of Pennsylvania Press, vol. 76, nº 1, winter, pp. 71-93.